



Concello de Cangas

## **“APERTURA DO NOVO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓN”**

Cangas, 21/10/2016

Dende a Concellaría de Participación Veciñal, Transparencia e Asociacionismo queremos informar que xa está aberto o novo Rexistro Municipal de Asociacións do Concello e que todas as asociacións dispoñen de toda a información na web do Concello [www.cangas.gal](http://www.cangas.gal)

O pasado mércores día 19 de outubro saíu publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra a aprobación definitiva do Rexistro Municipal de Asociacións de Cangas.

Poderán inscribirse en dito rexistro todas aquelas asociacións legalmente constituídas que desenvolvan uns fins comúns encamiñados a defensa, fomento ou mellora dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza do Concello de Cangas.

Todas as asociacións que desexen empregar as instalacións municipais ou percibir subvencións do concello no ano 2017 deberán estar rexistradas en dito rexistro antes do 31 de marzo. Ademais coa creación da nova web aparecerán publicados os datos das asociacións que así o fagan constar na entrega da súa documentación.

A Documentación a entregar no Rexistro é a seguinte:

- a) Instancia que inclúa a solicitude de inscrición, segundo o modelo establecido pola Alcaldía.
- b) Copia compulsada da acta fundacional da Asociación.
- c) Copia compulsada dos Estatutos da Asociación, adaptados á Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación.
- d) Número de inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións do Ministerio de Interior oi no Rexistro Autonómico de Asociacións.
- e) Certificado acreditativo das persoas que ocupen os cargos directivos, incluíndo nome, apelidos e DNI de cada unha delas.
- f) Certificado acreditativo do número de socios que se renovará anualmente.
- g) Sede Social (endereço, teléfono e outros datos útiles para a mellor localización).



**Concello de Cangas**

- h) Copia compulsada do CIF da Asociación.
- i) Orzamento do ano en curso, facendo constar os medios e fontes de financiamento propios ou externos se prevén.
- j) Programa de actividades do ano en curso.
- k) As entidades deportivas deberán presentar copia dos seus estatutos adaptados ao establecemento na Lei 11/1997, do 22 de agosto, xeral do Deporte de Galicia.

Para máis información ou calquera dúbida relacionada ao novo rexistro municipal poderán entrar en contacto coa Área de Participación Veciñal ou coa secretaría do Concello, a que será a encargada de levar a cabo o rexistro.

*Gabinete de comunicación*